Datos Do Expediente:

XUNTA DE GOBERNO LOCAL		
Unidade Tramitadora:		
Organos de Goberno e Central –		
Número expediente:	Documento:	
AYT/XGL/24/2022	GOB16I0BV	
5M012I3F2R3Q2T4P0G9O		

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTETRÉS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTEDOUS

SRES/AS ASISTENTES: **SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:** MARIÁN FERREIRO DÍAZ **SRES/AS CONCELLEIROS/AS:** D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL D/Dª JOSE OREONA BRA D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO **SRA. INTERVENTORA XERAL:** D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ **SR. SECRETARIO XERAL:** D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI	Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintetres de xuño de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe. Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL. Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DUNHA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN (LPO.2/2022).-

(…)

PRIMEIRO: Outorgar a Jessica Espantoso Hermida licenza de primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar sita no Lugar da Picota núm. 38 (Ref. catastral 6467033NJ6166N0001WK e predio rexistral núm. 59.629), con suxeción as seguintes condicións:

a) Axustarase en todo ás condicións especificadas na licenza de obras outorgada por resolución do Concelleiro-delegado de urbanismo do día 17.02.2020 (exp. 78/2019).

b) Ademais, axustarase aos proxectos, ao certificado final de obra visado polo COAG o día 17.12.2021, anexos I e II visados o 14.02.2022, documentación complementaria ao certificado final de obra (planos) visada o día 11.02.2022 e demais documentación presentada aos efectos.

SEGUNDO: Propoñer aos servizos económicos a aprobación dunha taxa de licenza de primeira ocupación por un importe total de **36,82 euros**.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

TERCEIRO: Dar conta desta resolución aos servicios económicos municipais e notificala á interesada.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCION PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CENTRO DE FORMACIÓN MUNICIPAL IRMÁNS FROILAZ (FASE II)**.- Vista a proposta formulada que di asi:
A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 21 de xuño, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI16I0GU que di:

"

TIPO DE DOCUMENTO	*Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local*
EXPEDIENTE	*ASI/26/2022: Subvención para a mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz (FASE II)*
DESTINATARIO	*Alcaldía / Servizos Económicos*
ASUNTO	*Aceptación de subvención*

Na súa sesión ordinaria do 24/02/2022, a Xunta de Goberno Local deste Concello aprobou a solicitude, á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da subvención para a "Mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz (FASE II)", por importe de 7.401,57 €, que supoñía o 100,00 % do orzamento estimado do proxecto segundo o plan de financiamento provisional que obra no expediente.

O pasado 16/06/2022 e a través da plataforma notifica.gal, a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, notificou a este Concello a concesión da seguinte subvención para este proxecto:

ORZAMENTO TOTAL:	**7.401,57 €**
– Orzamento gastos de funcionamento:	0,00 €
– Orzamento investimentos:	7.401,57 €
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN:	**7.401,57 €**
– Importe subvención para gastos de funcionamento:	0,00 €
– Importe subvención para investimentos:	7.401,57 €

Resultan de aplicación, para aceptar a subvención, os seguintes

F U N D A M E N T O S D E D E R E I T O:

- *Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenientes de Alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e delegacións feitas pola alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*
- *Bases de execución dos Orzamentos do ano 2022. Concretamente a base 52, apartado 2, sinala que a aceptación da concesión […] deberá ser aprobada, previa toma de razón e retención de crédito da achega municipal ou iniciación dun expediente de modificación de créditos para a habilitación do necesario, pola Xunta de Goberno Local. A proposta de aceptación deberá ir acompañada dunha copia do documento que acredite a súa concesión, do plan de financiamento definitivo e, no seu caso, da solicitude de iniciación do*

correspondente expediente de modificación de crédito por xeración. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ASI16I0GQ.

Polo anteriormente exposto, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia que someta a debate e votación da Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar o seguinte plan de financiamento definitivo (que aquí se amosa resumido) para a subvención "Mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz (FASE II)", de acordo co establecido no informe adxunto de código ASI16I0GQ:*

PROXECTO	*MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA ILUMINACIÓN DO CENTRO DE FORMACIÓN MUNICIPAL IRMÁNS FROILAZ (FASE II)*	
Importe total	*7.401,57 €*	
Financiamento externo	*7.401,57 €*	
Achega municipal	*0,00 €*	
Aplicación orzamentaria	*9330 63301*	*Xestión Patrimonio – Investimentos en Maquinaria, Instalacións Tec. e Utillaxe*

SEGUNDO: *Aceptar da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a subvención para a "Mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz (FASE II)".*

"Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código **ICO16I07X**, esta Alcaldesa propón á Xunta de Goberno Local:

Adoptar o acordo segundo a proposta transcrita en todos os seus termos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

4 .- **PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN FISCAL DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADOS NAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DO MES DE XUÑO DE 2022**.- Vista a proposta formulada que di asi: Á vista do informe-proposta do Servizo Sociocomunitario no que se propón a aprobación do padrón fiscal da taxa polos servizos prestados nas escolas infantís municipais, onde se reflicte o cálculo do importe que lle corresponde aboar a cada contribuinte pola prestación do citado servizo durante o **mes de xuño de 2022**, de conformidade coas tarifas que se recollen na Ordenanza Fiscal nº 18 reguladora da taxa pola prestación dos servizos nas escolas infantís municipais, e do informe favorable do xefe do Servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal da taxa polos servizos prestados nas escolas infantís municipais, do mes de xuño de 2022, cun total de 198 contribuintes e por importe de 16.340,48 €.

Segundo: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

Terceiro: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Cuarto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 **.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PADRÓN DE AUGA, SANEAMENTO BAIXA, SANEAMENTO ALTA, DEPURTACIÓN BAIXA, DEPURACIÓN ALTA, CANON DA AUGA, ALUGUER DE CONTADOR E LIXO 2º TRIMESTRE DO ANO 2022. E O ADICIONAL DO 15 DE MARZO AO 16 DE XUÑO DE 2022**.- Vista a proposta formulada que di asi: Elaborado, pola Compañía de Servizos Medioambientais do Atlántico –COSMA- a proposta de aprobación do padrón de contribuintes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **2º trimestre do ano 2022** e do padrón adicional polos servizos de "auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canón de auga, aluguer de contador e lixo" correspondentes a altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón desde o 15 de marzo de 2022 ata o 16 de xuño de 2022, e do informe favorable do xefe do Servizo de Intervención e Facenda, de conformidade co establecido no artigo 175 do R.D 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formúlase a seguinte proposta á Xunta de Goberno Local:

Primeiro: Aprobar o padrón de contribuintes por auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, correspondente ao **2º trimestre do ano 2022**, cos seguintes importes:

Auga	380.693,42 €
Saneamento baixa	227.834,78 €
Saneamento alta	158.228,82 €
Depuración baixa	5.733,47 €
Depuración alta	215.844,57 €
Lixo	732.306,58 €
Aluguer contador	9.381,22 €
Canon da auga	127.500,95 €
IVE	100.832,44 €
TOTAL	**1.958.356,25 €**

Segundo: Aprobar o padrón adicional de contribuintes por liquidacións polos servizo de auga, saneamento baixa, saneamento alta, depuración baixa, depuración alta, canon de auga, aluguer de contador e lixo, que inclúe os recibos desde o 15 de marzo de 2022 ata o 16 de xuño de 2022, correspondentes ás altas de contribuíntes, atrasos e resolucións emitidas polo Concello de Narón. Sumando todas estas liquidacións os seguintes importes:

Auga	2.573,94 €
Saneamento baixa	1.643,99 €
Saneamento alta	1.184,49 €
Depuración baixa	11,59 €
Depuración alta	3.088,86 €
Lixo	5.030,02 €
Aluguer contador	0,00 €
Canon da auga	-122,17 €
IVE	850,22 €
TOTAL	**14.260,94 €**

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 días, a contar desde o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o periodo de exposición pública os interesados poderán examinar os padróns e interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado desde o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados desde o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES a contar desde o día seguinte ó da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera conveniente, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.
VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4